



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática galega II

Materia	Gramática galega II			
Código	V01G160V01603			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia de "Gramática galega II" céntrase no estudo específico das unidades sintácticas que coñecemos como "frase" e "cláusula". Afóndase na análise sintáctica, partindo do verbo como núcleo predicativo da cláusula e as relacións que establece cos outros constituíntes funcionais e mais as implicacións semánticas e pragmáticas que diso derivan. Estúdase tamén a estrutura interna dos constituíntes frásticos. Préstase especial atención á descrición de aspectos sintácticos diferenciais do galego con respecto ás linguas veciñas.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B5	Que o alumnado desenvólvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Recoñecer as unidades sintácticas e as relacións que se establecen entre elas	A4 A13	B3
Facer representacións de análises sintácticas e ser capaces de propoñer análises alternativas argumentadas	A6 A9	
Descubrir e razoar en termos sintácticos as ambigüidades dun texto	A5 A8	B5
Recoñecer os factores que alteran a gramaticalidade dos textos	A7	

Contidos

Tema

1. A sintaxe: definición e relación con outras disciplinas gramaticais.	Obxecto de estudo. Unidades e relacións sintácticas. Funcións sintácticas, semánticas e informativas. Bibliografía de sintaxe do galego.
2. A cláusula: caracterización e clasificación.	O concepto de "valencia". O verbo como núcleo-PREDICADO da cláusula. Niveis de complementación: argumentos, adxuntos e elementos periféricos. Estrutura funcional da cláusula: SUX, CD, CI, CPREP, CADV; CCIRC; PVO, ATRIB. O pronome persoal átono. Clasificación das cláusulas: atributivas e predicativas; activas, pasivas, impersonais e medias; simples e complexas; independentes, dependentes e coconstituíntes; flexionadas e non flexionadas. Construcións particulares de sintaxe galega na cláusula.
3. A frase: caracterización e clasificación.	A frase nominal: estrutura e funcións. O NUC substantivo: a frase substantiva. Os determinantes e os modificadores (argumentais / adxuntos; especificativos / explicativos; relacionais / cualificativos; a aposición). Posición e xerarquía dos determinantes e dos modificadores na frase en galego. Estrutura e funcións dos outros tipos de frase (adxectiva, adverbial e prepositiva). Construcións frásticas particulares do galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	44	64
Presentacións/exposicións	8	5	13
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	3	6
Sesión maxistral	17	46	63
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Refírese ás actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados cos contidos da materia, que complementan as leccións maxistras. Préstase especial atención á análise sintáctica de textos en árbore e ó comentario gramatical razoado e argumentado de construcións sintácticas problemáticas en canto á súa interpretación. Naqueles casos en que o profesor entregue previamente os exercicios, recoméndase que o/a alumno/a os traia traballados.
Presentacións/exposicións	Refírese ás exposicións orais por parte do alumnado ante o docente e/ou o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia que deberán preparar e redactar por escrito, a partir da lectura da bibliografía que se indique.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Refírese a conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Sesión maxistral	Son ás horas que o docente dedicará a expoñer contidos da materia e as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios ou análises sintácticas que deberá facer o alumnado. Recoméndase que cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material o alumnado leve previamente traballado ese material.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente terá tutorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos guiados, na preparación das exposicións orais en clase ou nos comentarios dos erros cometidos nas análises sintácticas que se manden entregar como parte da avaliación.
Presentacións/exposicións	O docente terá tutorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir nos traballos guiados, na preparación das exposicións orais en clase ou nos comentarios dos erros cometidos nas análises sintácticas que se manden entregar como parte da avaliación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o curso, o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliadas. Especificamente, o estudante deberá entregar a análise sintáctica de 4 textos propostos polo profesorado e o resumo crítico de tres artigos que se destacan na "Bibliografía". Tamén se valorará a participación activa na resolución das outras actividades.	25

Presentacións/exposicións	Cada estudante preparará por escrito e expoñerá oralmente un ou varios temas relacionados con contidos da materia, que previamente concretará co docente.	10
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia ás clases maxistras, sempre e cando sexa máis do 80% delas.	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizarase unha única proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos da materia na última semana do curso (provisionalmente o día 5 de maio de 2015)	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen **dous sistemas** de avaliación da materia:

a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais, e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas. En todo caso, **na convocatoria de maio**, o alumno polo menos deberá ter aprobado o apartado "Probas escritas de resposta longa", **exame** que se realizará na última semana de clase (**provisionalmente o 5 de maio de 2015**); de non superar esas probas escritas, o alumnado deberá examinarse dun exame escrito na **convocatoria oficial de xullo**. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia ás clases e a entrega en tempo das tarefas, deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na **convocatoria de maio** deberá examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame final único escrito** que se realizará na última semana de clase (**provisionalmente o 5 de maio de 2015**). En caso de non superar ese exame, o/a alumno/a deberá volver examinarse por medio doutro exame escrito **na convocatoria de xullo** na data que dispoña a Facultade. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

NOTA: O docente engadirá na aula outras referencias bibliográficas específicas para cada un dos temas.

Gramáticas galegas de referencia

Álvarez, R. e Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

Fernández Salgado, Xosé A. (2012): *Apuntamentos da materia*. Ed. do autor.

Outras gramáticas

Bosque I. e Demonte, V. (dir.) (1999): *Gramática descriptiva de la lengua española*. 3 t. Madrid: Espasa Calpe.

Mateus, M.Helena Mira et al (1989): *Gramática da língua portuguesa*. Coimbra: Almedina; Lisboa: Caminho.

Real Academia Española (2010): *Nueva gramática de la lengua española: manual*. Madrid: Espasa-Libros.

Solà, J. et al. (2002): *Gramática del català contemporani: Sintaxi. vol. 2*. Barcelona: Empuries.

Lecturas obrigatorias

Cidrás Escáneo, F. (1991): [As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización], en M. Brea e F. Fernández Rei (coords.) *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade, 1991, vol, I, 101-25.

López Martínez, M.S. (1999): [O emprego de a + CD na lingua galega falada],

en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, vol, I, 551-564.

Pena Romay, Xosé Antonio (2004): [Alternancia en galego dos pronomes átonos de acusativo e dativo en verbos que rexen

ámbalas dúas posibilidades], en Rosario Álvarez *et al.* (eds.): *A lingua galega: Historia e Actualidade*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura / Galega Instituto da Lingua Galega, vol. IV, 129-137.

Rodríguez Guerra, A. (1997): [Aspectos da transitividade galega: os complementos en [en]], en B. Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford, Centre for Galician Studies / Centro de Estudos Galegos, vol. I: 343-352.

Guía bibliográfica

Gondar, Francisco (dir.): BILEGA, *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CILL-RP). Edición en liña: [www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html]

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Gramática galega I/V01G160V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estrutura e análise das linguas galega e española: Introducción á sintaxe/V01G160V01301

Outros comentarios

Esta materia continúaase con Gramática Galega III no 4º curso de EdeG-E.
